

MATERIAIS LINGÜÍSTICOS

Lingua galega: dúbidas lingüísticas / [Redactoras, Anaír Rodríguez, Montserrat Davila Ventura]

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, D.L. 2004
142p. ; 24cm. – (Materiais lingüísticos; 5)

D.L. VG. 465-2004 – ISBN 84-8158-266-2

Galego (Lingua) I. Rodríguez, Anaír II. Davila Ventuara, Montserrat
III. Universidade de Vigo. Servicio de Publicacións, ed.

811.134-4

Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Reitorado da Universidade de Vigo

Rúa do Porto, 1

36201 Vigo

Tel. 986813574

Fax: 986813559

Correo-e: anl@uvigo.es

Páxina web: www3.uvigo.es/normalizacion/index.asp

Este volume publícase cunha axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

© Redactoras: Anaír Rodríguez Rodríguez, Montserrat Davila Ventura

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2004

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2004

Printed in Spain - Impreso en España

I.S.B.N.84-8158-266-2

Depósito Legal: VG. 465-2004

Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación SLL

Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos

LINGUA GALEGA. DÚBIDAS LINGÜÍSTICAS



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Índice

I.	AS REGLAS DE ACENTUACIÓN	7
	1. Sílabas tónicas e átonas	7
	2. Acentuación das palabras agudas	7
	3. Acentuación das palabras graves	8
	4. Acentuación das palabras esdrúxulas	8
	5. Acentuación de <i>i, u</i> en hiato	8
	6. O acento diacrítico	8
	7. Acentuación de formas verbais con pronome e cos alomorfos do artigo	9
	8. Acentuación dos adverbios rematados en <i>-mente</i>	10
	9. Acentuación dos pronomes interrogativos e exclamativos . . .	10
	10. Substantivos con acentuación distinta en galego e en castelán	11
II.	OS GRUPOS CONSONÁNTICOS <i>bl, cl, fl, gl, pl, tl</i>	12
III.	O XÉNERO	14
	1. Substantivos masculinos e femininos	14
	2. Formación do feminino nos substantivos rematados en <i>-n</i> . . .	15
IV.	O NÚMERO	17
V.	USO DA SEGUNDA FORMA DO ARTIGO	19
	1. Casos en que se pode representar a segunda forma do artigo .	19
VI.	USO DAS CONTRACCIÓN	21
VII.	COLOCACIÓN DOS PRONOMES ÁTONOS NO ENUNCIADO	26
	1. Casos de anteposición	26
	2. Casos de posposición	28
	3. Colocación do pronome átono nas perífrases verbais	29
VIII.	DÚBIDAS NO SISTEMA VERBAL	30
	1. Distinción entre o antepretérito indicativo (fora) e o pretérito de subxuntivo (fose)	30
	2. Ter + participio	30
	3. Tempos compostos	31
	4. Alternancia vocálica nos verbos da terceira conxugación . . .	32
	5. Infinitivo conxugado	33
IX.	USO DO COMPLEMENTO DIRECTO CON PREPOSICIÓN <i>a</i>	36
	1. Uso obrigatorio da preposición	36



X.	A DOBRE NEGACIÓN	38
XI.	UTILIZACIÓN DOS ARTIGOS	39
XII.	ABREVIATURAS, SIGLAS E ACRÓNIMOS	41
	1. Abreviaturas	41
	2. Siglas	41
	3. Acrónimos	42
	4. Relación das abreviaturas máis frecuentes	42
	5. Relación de siglas e acrónimos máis frecuentes	49
XIII.	USO DE <i>PORQUE</i>, <i>PORQUÉ</i>, <i>POR QUE</i> E <i>POR QUÉ</i>	56
	1. Porque	56
	2. Porqué	56
	3. Por que	56
	4. Por qué	57
XIV.	USO DE <i>SENÓN</i> E <i>SE NON</i>	58
	1. Senón	58
	2. Se non	58
XV.	USO DE <i>CONQUE</i>, <i>CON QUE</i> E <i>CON QUÉ</i>	60
	1. Conque	60
	2. Con que	60
	3. Con qué	61
XVI.	USO DO SUFIXO <i>-MENTO</i>	62
XVII.	LÉXICO DUBIDOSO	63
	1. Dobretes	63
	2. Locucións e frases feitas da linguaxe administrativa	66
	3. Calquera	68
XVIII.	GLOSARIO DE TERMOS DUBIDOSOS E INCORRECTOS	
	COA EQUIVALENCIA EN GALEGO ESTÁNDAR	70
XIX.	TOPONIMIA	85
	1. Concellos galegos e xentilicios	85
	1.1. Provincia da Coruña	85
	1.2. Provincia de Lugo	88
	1.3. Provincia de Ourense	90
	1.4. Provincia de Pontevedra	93
	1.5. Concellos do galego exterior e xentilicios	95
	2. Comarcas de Galicia e concellos que abranguen	96



3. Topónimos de España por comunidades autónomas	100
4. Estados e cidades do mundo	102
4.1. África	102
4.2. América do Norte	104
4.3. América do Sur	106
4.4. Asia	107
4.5. Cidades e rexións europeas	108
4.6. Rexións da Unión Europea e xentilicios	111
4.7. Oceanía	115
5. Xentilicios do Mundo	115
6. Topónimos de estados, rexións e cidades do mundo	120

I.

As regras de acentuación

1 Sílabas tónicas e átonas

As sílabas das palabras da nosa lingua divídense en **tónicas** e **átonas**. A sílaba tónica sempre é unha, a que se pronuncia con máis intensidade ou maior forza de voz; as demais son sílabas átonas.

Dependendo de onde estea colocada a sílaba tónica, as palabras divídense en **agudas**, **graves** e **esdrúxulas**. Nas palabras **agudas** a sílaba tónica é a derradeira (*ca-fé; can-tar; ca-mi-óns*); nas **graves**, a tonicidade recae na penúltima sílaba (*can-tan-te, mó-bil*). Nas palabras **esdrúxulas** a sílaba tónica é a antepenúltima (*cár-ce-re; má-go-a; nés-pe-ra*).

As regras de acentuación serven para recoñecer a sílaba tónica en todas as palabras, para o que se emprega o acento gráfico ou til (´) en casos regulamentados.

2 Acentuación das palabras agudas

As palabras agudas levan til cando son polisílabas e rematan en **vogal**, en **vogal + n**, en **vogal + s** ou en **vogal + ns**.

mañá, aquí, café, curmán, melón, cantís, cadrís, sofás, curmáns, melóns, algúns...

Non se acentúan cando son **monosílabas** (*di, si, non, fe*), cando acaban en ditongo decrecente (*cantei, seguiu, ademais, papeis*) ou cando acaban noutra consoante que non sexa **-n** ou **-s** (*papel, arroz, nariz*).

3 Acentuación das palabras graves

As palabras graves levan til cando rematan en consoante distinta de **-n** ou **-s** e en grupos consonánticos distintos de **-ns**.

fácil, móbil, réptil, carácter, clímax, alférez, fórceps, bíceps...

Non se acentúan, xa que logo, as palabras graves rematadas en **vogal**, **vogal + n**, **vogal + s** ou **vogal + ns**.

fala, falan, falas, lapis, dolmen, canon, dolmens, canons...

4 Acentuación das palabras esdrúxulas

As palabras esdrúxulas sempre levan til.

tónico, átono, véspera, síntoma, fármaco, cágado, médico, mnemotécnica, psicóloga...

5 Acentuación de *i*, *u* en hiato

As vogais **i** e **u** acentúanse sempre que forman hiato, isto é, cando van antes ou despois dunha vogal átona pero as dúas pertencen a sílabas distintas (cando non forman ditongo).

a-índa, contribu-íu, sa-ída, mi-údo, prexu-ízo, ru-ído, tú-a...

6 O acento diacrítico

O acento diacrítico úsase para diferenciar palabras que se escriben igual pero que se diferencian na pronuncia, ben porque unha ten a vogal tónica aberta e a outra tena pechada (*fóra* / *fora*), ben porque unha é tónica e outra átona (*dás* / *das*).

Outros casos:

á (*a + a* artigo; 'ala')

ás (*a + as* artigo; 'alas')

a (artigo; pronome; prep.)

as (artigo, pronome)

bóla ('esfera')	bola ('peza de pan')
cá (conx. <i>ca</i> + <i>a</i> artigo)	ca (conxunción)
cás (conx. <i>ca</i> + <i>as</i> artigo)	cas (prep.)
chá ('plana')	cha (<i>che</i> + <i>a</i>)
chás ('planas')	chas (<i>che</i> + <i>as</i>)
có (<i>ca</i> + <i>o</i>)	co (<i>con</i> + <i>o</i>)
cós (<i>ca</i> + <i>os</i>)	cos (<i>con</i> + <i>os</i>)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
cómpren ('son mester')	compren ('merquen')
dá (presente e imperat. de <i>dar</i>)	da (<i>de</i> + <i>a</i>)
dás (presente de <i>dar</i>)	das (<i>de</i> + <i>as</i>)
dó ('compaixón')	do (<i>de</i> + <i>o</i>)
é (verbo <i>ser</i>)	e (conxunción)
fóra (adverbio)	fora (verbo <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má ('ruín')	ma (<i>me</i> + <i>a</i>)
más ('ruíns')	mas (<i>me</i> + <i>as</i>)
máis (adverbio e pronome)	mais (conxunción)
nó (substantivo)	no (<i>en</i> + <i>o</i>)
nós (pronome tónico; pl. de nó)	nos (pronome átono; <i>en</i> + <i>os</i>)
ó (<i>a</i> + <i>o</i>)	o (artigo; pronome)
ós (<i>a</i> + <i>os</i>)	os (artigo; pronome)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
póla ('rama')	pola ('galiña'; <i>por</i> + <i>a</i>)
pór ('poñer')	por (preposición)
présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada')
sé ('sede eclesiástica'; imp. de <i>ser</i>)	se (conxunción, pronome)
só (adverbio e adxectivo)	so (preposición)
té ('infusión')	te (pronome, letra)
vén (presente de <i>vir</i>)	ven (presente de <i>ver</i> ; imper. de <i>vir</i>)
vés (presente de <i>vir</i>)	ves (presente de <i>ver</i>)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)

7

Acentuación de formas verbais con pronome e cos alomorfos do artigo

Cando unha forma verbal está acompañada dun pronome enclítico ou da segunda forma do artigo compórtase coma unha soa palabra e segue as regras de acentuación establecidas.

darán + se > daranse
recibirá + a > recibiraa
bebes + a > bébela

As formas verbais que levan acento diacrítico consérvano cando van seguidas dun pronome ou do alomorfo do artigo.

é + lle > élle
dá + me > dáme
¿vés compralo? > ¿vélo comprar?

8 Acentuación dos adverbios rematados en **-mente**

Os adverbios rematados en **-mente** non se acentúan por seren palabras graves rematadas en vogal.

facilmente, economicamente, utilmente, rapidamente...

Cando aparecen varios adverbios en **-mente** coordinados, a terminación **-mente** só aparece no derradeiro elemento. As demais palabras manteñen a súa acentuación.

Fácil e rapidamente

9 Acentuación dos pronomes interrogativos e exclamativos

Os pronomes interrogativos e exclamativos (*cal, cando, canto, como, onde, que, quen*) non se acentúan nas interrogativas e nas exclamativas directas.

¿Como te chamas? ¿Cantos anos tes? ¿Onde vives?
 ¿Cal é a túa profesión?

Cando introducen interrogativas indirectas, soamente se acentúan naqueles casos en que é necesario para evitar ambigüidades.

Díxolle qué quería cear

10 Substantivos con acentuación distinta en galego e en castelán

a) Agudas:

popurrí

b) Graves:

acne

ágar-ágar

ástur

atmosfera

bérber

diocese

elite

endoparasito

esexese

heroe

lígur

medula

mísil

omoplata

ousia

parasito

paxaro

pelicano

pénsil

prénsil

réptil

támil

xermolo

c) Esdrúxulas:

alvéolo

período

olimpíada

cardíaca

amálgama

II. Os grupos consonánticos *bl, cl, fl, gl, pl, tl*

Estes grupos mantéñense inalterados nos cultismos: palabras procedentes do latín ou do grego que se incorporan á lingua sen sufriren as transformacións propias da evolución, e nos préstamos recentes, palabras tomadas doutras linguas.

ablativo	aclarar	flamante	glaciar	exemplo	atlántico
ablegado	clamar	flan	gladiador	explicar	atlas
ablución	clan	flección	glándula	placa	atleta
blasfemar	claridade	flor	glicerina	plano	
blindar	clarín	flota	globo	planta	
bloque	clarividente	fluxo	gloria	plasma	
bloquear	claro	influír	glosa	plástico	
oblación	clase	reflexión	troglodita	plátano	
oblata	clasificar			platino	
oblicuo	cláusula			plaxio	
oblitear	clemencia			plenario	
oblongo	clero			pluma	
problema	clima			plumaxe	
publicar	cloro			plural	
público	club			templo	
sublimar	incluír				
sublingual	proclamar				
subliñar	proclítico				

Pola contra, mudaron o *l* por un *r* as palabras latinas semicultas, aquelas que non sufriron a evolución fonética completa e que evolucionaron máis cós cultismos pero menos cás palabras patrimoniais, e algúns préstamos que xa levan tempo no idioma.

branco	escravo	fraco	igreja	aprazar
brancura	cravar	fraqueza		compracer
brando	cravo	frauta		cumprir
brasón	cravuñar	frecha		emprazar
dobrar		fretar		empregar
nobre		frouxo		pracer
obrigar				praga
				praia
				prata
				prato
				praza
				prazo
				preamar
				pregar
				preito

III. O xénero

1 Substantivos masculinos e femininos

1.1 Teñen xénero masculino

- Os nomes das letras do abecedario: *o a, o b, o c, o d, o e*, etc.
- Os substantivos rematados en **-o** son en xeral masculinos, agás *a radio, a libido, a dinamo* (de *máquina dinamoeléctrica*), *a polio* (de *poliomielite*), etc.
- Algúns substantivos rematados en **-a**: *o panorama, o diadema, o enigma, o trauma*, etc.
- Algúns substantivos rematados en **-e** (ou **-es**): *o couce, o leite, o ubre, o sangue, o cárcere, o dote, os alicates*, etc.
- Algúns substantivos rematados en **-me**: *ligame, costume, legume, cume, pesadume, pelame, raizame, acedume, arume, cheirume, fume, lume, negrume, inchume, estrume*, etc. (pero: *a fame, a sín-drome, a servidume*).
- Moitos substantivos rematados en **-r** final no singular: *o amargor, o balor, o labor, o loor, o polgar, o mar, o lecer, o sur*, etc. (pero: *a calor, a dolor / a dor, a color / a cor, a suor*).
- Outros substantivos: *o nariz, o sinal, o sal, o val, o fel, o mel, o til*, etc.

1.2. Teñen xénero feminino

- A maioría dos substantivos rematados en **-a**: *apócema, reuma, asma, broma, calma, flegma*, etc. (pero, por exemplo, *o diadema*).

- Algúns substantivos rematados en **-e** (ou **-es**): *árbore, canle, orde, ponte, sebe, cute, feces, tenaces, diabete, glote*, etc.
- Algúns substantivos rematados en **-or**: *a calor, a dolor / a dor, a color / a cor, a suor*
- Os substantivos procedentes do grego, rematados en **-se** e **-te**: *sintaxe, metrópole, epiderme, análise, diocese, paréntese, psicanálise, hepatite*, etc.
- A maioría dos substantivos rematados en **-axe** e **-uxe**: *linguaxe, paisaxe, viaxe, aldraxe, coraxe, carraxe, friaxe, viruxe, paraxe, romaxe, vantaxe*, etc. (pero: *o paxe, o garaxe, o traxe*).
- A maioría dos nomes de árbores froiteiras: *a cerdeira, a pereira; a maceira, a laranxeira*, etc. (pero *o castiñeiro*).

2 Formación do feminino nos substantivos rematados en **-n**

2.1. Os substantivos masculinos rematados en **-án** forman o feminino engadindo **-á** ou **-ana**.

- Como norma xeral, rematan en **-á**

Irmán/irmá; cidadán/cidadá; temperán/temperá; cirurxián/cirurxiá; ancián/anciá; cotián/cotiá; insán/insá; san/sa; van/va; vilán/vilá; afgán/afgá; alemán/alemá; capitán/capitá.

- Nos xentilicios galegos admítense as variantes locais

-ao/-á e -án/-án: burelao/ burelá; muradán/muradán, etc.

- A terminación **-ana** queda reservada para caracterizadores pexorativos.

Bocalán/bocalana; lerchán/lerchana; mentirán/mentirana; folgazán/folgazana, etc.

2.2. Os masculinos rematados en **-ón** fan o feminino engadindo **-oa** ou **-ona**.

- Por regra xeral, rematan en **-oa**:

*león/leoa; ladrón/ladroa; patrón/ /patroa; anfitrión/anfitríoa;
campión/campioa; bretón/bretoa; saxón/ /saxoa.*

– A terminación **-ona** queda reservada para formas aumentativas e para caracterizadores pexorativos:

cabezón/cabezona; abusón/abusona; preguntón/preguntona, etc.

2.3. Os rematados en **-ín** fan o feminino en **-ina** (*bailarín-bailarina*), agás *ruín* que é invariable.

2.4. Os rematados en **-ún** fan o feminino engadindo **-a** (*euscaldún-euscalduna*); agás *cabrún, cervún* e *vacún* que fan o feminino *cabrúa, cervúa* e *vacúa*.

IV. O número

1 Engaden -s:

- As palabras acabadas en vogal ou en ditongo:

irmá, irmás	café, cafés	israelí, israelís	espírito, espíritos
lei, leis	saia, saias	lúa, lúas	carta, cartas

- As palabras acabadas en consoante distinta de *-r, -z, -s, -x* e *-l*:

camión, camiós	pan, pans
club, clubs	coñac, coñacs
sándwich, sándwichs	iceberg, icebergs
robot, robots	jeep, jeeps

2 Engaden -es:

- As palabras agudas acabadas en *-s*, agás as que o fan en grupo consoántico:

deus, deuses	compás, compases
revés, reverses	res, reses

- As palabras acabadas en *-r* e en *-z*:

cor, cores	mar, mares
rapaz, rapaces	reitor, reitores

- Os monosílabos acabados en *-l*:
cal, cales el, eles til, tiles mol, moles
- As palabras graves acabadas en *-l*, agás as acabadas en *-bel*:
difícil, difíciles útil, útiles
cónsul, cónsules túnel, túneles
- As palabras compostas en que o segundo elemento é un monosílabo acabado en *-l*:
ollomol, ollomoles papasol, papasoles
chuchamel, chuchameles

3 Substitúen *-l* por *-ís*:

- As palabras agudas de máis dunha sílaba acabadas en *-l*:
animal, animais papel, papeis
civil, civís control, controis
- As acabadas en *-bel*:
variábel, variábeis imperceptíbel, imperceptíbeis
amábel, amábeis

4 Permanecen invariables:

- As palabras agudas acabadas nun grupo consonántico no cal o último membro é un *-s* ou un *-x*:
os luns, o luns o fax, os fax o unisex, os unisex
- As palabras graves e esdrúxulas acabadas en *-s* ou en *-x*:
o martes, os martes o bíceps, os bíceps o lapis, os lapis
o clímax, os clímax

v.

Uso da segunda forma do artigo

O artigo determinado conta con dous alomorfos: a primeira forma, *o/a/os/as*, e a chamada segunda forma do artigo, *lo/la/los/las*. A representación gráfica da segunda forma non é obrigatoria, polo que se pode usar en todos os casos *o, a, os, as*, agás coa preposición *por* e co adverbio *u*, cos que si é preceptiva a representación da segunda forma (*polo, pola, polos, polas, u-lo, u-la, u-los, u-las*).

1

Casos en que se pode representar a segunda forma do artigo:

1.1. Despois de infinitivo, das formas verbais que rematen en *-r* e *-s* e dos pronomes átonos *nos, vos* e *lles*:

Prepara-lo xantar; facémo-los exercicios, estragóuseno-la neveira

1.2. Despois dos pronomes tónicos *nós* e *vós* cando van seguidos dun numeral:

Nó-los catro, vó-los cinco

1.3. Despois de *ambos, entrambos* e *todos*, cos seus femininos, das preposicións *por* e *tras*, da conxunción (*e*) *mais* e co adverbio *u*. Nestes casos, agás en *u-lo*, non se grafa con guión.

Ámbolos dous; entrámbolas dúas; todos os días, pola noite, trala casa; eu (e) maila nena; ¿u-lo rapaz?



Cómpre lembrar que é incorrecto utilizar o guión para separar unha forma verbal dun pronome:

Forma correcta: ¿Colléste-lo libro? [Neste caso *lo* é artigo]

Forma incorrecta: *Collémo-lo. [Neste caso *lo* é un pronome que substitúe a *libro*, o correcto sería *collémolo*].

Tamén se debe ter en conta que a segunda forma do artigo non se representa na secuencia *participio + artigo*:

Forma correcta: Serán desenvolvidos os seguintes puntos

Forma incorrecta: *Serán desenvólvido-los seguintes puntos

VI.

Uso das contraccións

a) Contraccións do artigo determinado coas preposicións **a**, **con**, **de** e **en**:

	o	a	os	as
a	ao/ó	á	aos/ós	ás
con	co	coa	cos	coas
de	do	da	dos	das
en	no	na	nos	nas

Se precisas máis información, pregunta **no** Reitorado.
 Resolucións provisionais **da** comisión de investigación.
 Poderá concorrer **ao** certame calquera traballo non galardoado
 en ningún outro concurso.

Cando coinciden unha preposición e o artigo dun topónimo, tamén se realiza a contracción:

Vou **á** Laracha Vén **da** Ramallosa
 É **do** Courel Pesca **polo** Carballiño

Cando a preposición non rexe o substantivo determinado polo artigo, non se fai a contracción:

De o irmán sabelo, axudaríao

b) Contraccións do artigo indeterminado coas preposicións **con**, **de** e **en**:

	un	unha	uns	unhas
con	cun	cunha	cuns	cunhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas

Os traballos levarán ben visible un título e a modalidade en que participan, e irán acompañados **dun** sobre pechado.

Os estudantes que inicien un programa de estudos **nunha** universidade asociada poderán ser recoñecidos como estudantes Erasmus sempre que reúnan as seguintes condicións.

A resolución darase a coñecer **nun** prazo de tres meses.

Se a preposición e o artigo non forman parte da mesma frase, non se fai a contracción:

De un alumno ter este problema, que se dirixa ao noso servizo.

Cando *un/s*, *unha/s* é un indefinido ou un numeral e actúa como adxectivo realiza as mesmas contraccións có artigo indeterminado:

Estivemos **nuns** lugares maravillosos.

Cando se utiliza como un pronome, adoitan representarse as contraccións con *de* e *en*, pero non coa preposición *con*:

Sempre contan cousas **dun** e iso non me gusta.

Este xa está cheo, gárdao **nun** destes.

Quere falar **con un** ou co outro.

c) Os pronomes persoais tónicos de terceira persoa contraen coas preposicións **de** e **en**:

	el	ela	eles	elas
en	nel	nela	neles	nelas
de	del	dela	deles	delas

A responsabilidade sempre será **del**.

Nela terán eses dereitos.

Non se realizan estas contraccións cando a preposición non rexe directamente o pronome:

De ela querer, iremos ao cine.

d) Todos os pronomes átonos de dativo (complemento indirecto) e os átonos de acusativo (complemento directo) de terceira persoa contraen do seguinte xeito:

	o/lo	a/la	os/los	as/las
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	nolos	nolas
vos	volos	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

- Non **llo** contes aínda
- Non **volos** quería dicir.
- Dirían**volos** axiña.
- Xa **llelo** dirás ti aos teus amigos.

e) **De** e **en** contraen cos identificadores **algún** e **outro**:

	de	en
algún/s, algunha/s	dalgún/s, dalgunha/s	nalgún/s, nalgunha/s
outro/a/s	doutro/a/s	noutro/a/s

- **Nalgún** deses convenios aceptaron a cláusula.
- O expediente académico débese engadir **noutro** impreso.
- **Dalgún** destes libros podes tirar a información que precisas.
- A documentación non chegará a tempo **doutro** xeito.

f) As preposicións **de** e **en** tamén contraen cos demostrativos:

	de	en
este/a/s; isto	deste/a/s; disto	neste/a/s; nisto
ese/a/s; iso	dese/a/s; diso	nese/a/s; niso
aquel/a; aqueles/as; aquilo	daquel/a; daqueles/as; daquilo	naquel/a; naqueles/as; naquilo

Daquela non había tanta violencia.

Neste concurso poderán participar todos os membros da Comunidade Universitaria da Universidade de Vigo.

Desas catro peticións anteriores déuselle o visto e prace a tres. Non te preocupes máis **daquilo** do que falamos.

Nestas materias sempre hai moita xente matriculada.

Deses anos non me quero lembrar.

g) Os demostrativos tamén contraen coas preposicións **de** e **en**:

	este/s	esta/s	isto
de	deste/s	desta/s	disto
en	neste/s	nesta/s	nisto

As contraccións cos demais demostrativos realízanse do mesmo xeito.

h) Cando se atopan un demostrativo e o indefinido **outro** tamén se produce unha contracción:

prox.	num.	masculino	feminino
I	singular	estoutro	estoutra
	plural	estoutros	estoutras
II	singular	esoutro	esoutra
	plural	esoutros	esoutras
III	singular	aqueloutro	aqueloutra
	plural	aqueloutros	aqueloutras

- **Estoutros** convenios asinaranse en xaneiro.
- Estas son miñas, **aqueloutras** túas.
- Esta cláusula xa a coñecía, **esoutra** debe de ser nova.

i) As contraccións anteriores tamén poden contraer coas preposicións **de** e **en**:

prox.	num.	masculino	feminino
I	singular	destoutro/ nestoutro	destoutra/ nestoutra
	plural	destoutros /nestoutros	destoutras /nestoutras
II	singular	desoutro /nesoutro	desoutra /nesoutra
	plural	desoutros /nesoutros	desoutras /nesoutras
III	singular	daqueloutro/ naqueloutro	daqueloutra /naqueloutra
	plural	daqueloutros /naqueloutros	daqueloutras /naqueloutras

- **Daqueloutros** informes non sei nada.
- **Nestoutra** gabeta tes os sobres e as carpetas.
- **Desoutro** concurso xa falaremos mañá.

k) A partícula comparativa **ca** pode contraer cos artigos determinados:

	o	a	os	as
ca	có	cá	cós	cás

- Vai máis rápido **có** teu irmán.
- Traballa máis **cás** súas compañeiras.

A contracción da comparativa **ca** co artigo determinado non é obrigatoria, polo que tamén se pode escribir *ca o*, *ca a*, *ca os*, *ca as*.

- Vai máis rápido **ca o** teu irmán.
- Traballa máis **ca as** súas compañeiras.

VII. Colocación dos pronomes átonos no enunciado

Por norma xeral, os pronomes átonos pospóñense ao verbo. Os pronomes nunca poden encabezar un enunciado e só aparecen diante do verbo nalgúns casos específicos.

Convócanse catro bolsas para terceiro ciclo

*Se convocan bolsas para terceiro ciclo

1 Casos de anteposición

1.1. Nos **enunciados desiderativos** sempre que haxa unha partícula antes do pronome, se non o pronome irá despois do verbo:

Oxalá nos vexamos de novo

Quén che ía dicir isto

Deus me valla

O demo me leve

pero:

Vállame Deus

Léveme o demo

1.2. Nos **enunciados exclamativos** o pronome antecede ao verbo sempre que haxa un pronome exclamativo ou algunha outra partícula antes del:

¡*Como* se pode ser así!

¡**Que asustado** se puxo!

¡**Boa** a fixeches!

1.3. Nos **enunciados interrogativos** directos o pronome antecede ao verbo cando a oración comeza por un pronome interrogativo:

¿**Cando** *che* pasou iso?

¿**Que** futuro *che* espera?

¿E logo aprobáron*che* o exame? [e non: *¿E logo *che* aprobaron o exame?]

1.4. Nos **enunciados con marcas de negación** o pronome antecede ao verbo:

Non se poderán pedir prórrogas **nin** se admiten atrasos nas entregas.

Ninguén se decatou do problema.

Nada o fixo cambiar.

1.5. Por norma xeral, nas **oracións iniciadas por adverbios** o pronome antecede ao verbo. *Mesmo, incluso, tamén, só, unicamente, seica, dis-que, quizais, seguramente, aínda, ata, xa, sempre, deseguida, axiña, rapidamente, moito, pouco, bastante, demasiado, menos, máis, velaquí, velaí*, entre outros, provocan a anteposición do pronome:

Quizais *lle* renoven a matrícula

Aínda se poden presentar solicitudes ata o trinta de novembro

Xa *me* presentaron o novo plano de estudos

Outros adverbios antepoñeranse ou pospoñeranse ao verbo dependendo do significado que teñan no enunciado:

Así *me* gusta ('deste xeito preciso')

Así *gústame* ('dese xeito')

Aquí *facémolo* así ('neste sitio')

Aquí *o* está ('presentador, velaquí')

Logo *me* visto ('axiña')

Logo *vístome* ('despois')

1.6. Por regra xeral, con *todo*, *pouco*, *demasiado*, *tanto...que*, *alguén*, *algo*, *ninguén*, *nada*, *calquera*, *propio*, *ambos*, etc. o pronome antepónse ao verbo:

Todo o alumnado se concentrou en sinal de protesta

Tanto me ten se vés ou quedas

Alguén lles contou en qué consistía a proba

1.7. Nas **oracións coordinadas** o pronome adoita seguir a regra xeral: vai despois do verbo a non ser que se dea algunha das condicións que fan que se pospoña.

Mandarásevos unha follla de inscrición **e** informarásedes de todas as novidades

Díxenche que estaría alí, **pero** sentínome mal e foime imposible acudir

Nin se fan descontos, **nin** se admiten devolucións

Con todo, os nexos que teñen *que* (*senón que*, *aínda que*, *só que*, *agora que*, etc.), os distributivos *xa...xa*, *ben...ben*, *quer...quer* e os coordinantes *tanto...como/coma*, *o mesmo que/ca*, etc., fan que o pronome se antepoña ao verbo

Non se ofrecerán materias optativas na universidade de destino, **senón que** se cursarán nesta universidade

Ben o mandedes por correo postal, **ben** o fagades por correo electrónico, a información debe chegar antes do venres

1.8. Nas **oracións subordinadas** o pronome antepónse ao verbo, con moi poucas excepcións.

Deberías lembrar **que** lle prometiches acompañalo

Podería ir **se** o soubese antes

É obrigatorio asistir **porque** se trata dunha materia eminentemente práctica

2

Casos de posposición

2.1. Nas oracións introducidas por *pois* o verbo non se antepón:

VIII. Dúbdas no sistema verbal

1 Distinción entre o antepretérito de indicativo (*fora*) e o pretérito de subxuntivo (*fose*)

Existe a tendencia, tanto na lingua oral como na escrita, de utilizar as formas do antepretérito de indicativo e do pretérito de subxuntivo indistintamente. Estes tempos teñen os seus usos ben delimitados e debemos utilízalos con propiedade.

O antepretérito de indicativo reservámolo para expresar accións reais que aconteceron no pasado. O pretérito de subxuntivo expresa accións que poderían realizarse pero que non se levaron a cabo.

Xa **collera** o autobús e xa estaba na praia / Se **collese** o autobús xa estaría na praia

Almorzara antes cós meus amigos porque levaba présa / /Dixéronlle que **almorzase** con eles aínda que levase présa.

Forma recomendada: Non se mollaría se **levase** paraugas.

Forma non recomendada: *Non se mollaría se **levara** paraugas.

Forma recomendada: Faría todas esas consultas se **tivese** máis tempo.

Forma non recomendada: *Faría todas esas consultas se **tivera** máis tempo.

2 Ter + participio

Esta construción é unha perífrase verbal que se emprega para indicar accións pasadas e reiteradas.

Teño lido en moitas ocasións ese artigo.

Teño entrado moitas veces na páxina da Universidade.

Esta construción non é equivalente aos tempos compostos utilizados en castelán.

Forma castelá: **Había leído** el documento para hacer la corrección.

Forma incorrecta en galego: ***Tiña lido** o documento para facer a corrección.

Forma correcta en galego: **Lera** o documento para facer a corrección.

Forma castelá: Una vez agotadas por el alumno estas convocatorias sin que **hubiese superado** las pruebas, se podrá matricular de créditos de libre elección.

Forma incorrecta en galego: *Unha vez esgotadas polo alumno estas convocatorias sen que **tívese superado** as probas, poderase matricular de créditos de libre elección.

Forma correcta en galego: Unha vez esgotadas polo alumno estas convocatorias sen que **superase** as probas, poderase matricular de créditos de libre elección.

Forma castelá: Los alumnos que **hayan realizado** estudios universitarios de carácter parcial lo indicarán en el momento de matricularse.

Forma incorrecta en galego: *Os alumnos que **teñan realizado** estudos universitarios de carácter parcial indicaran no momento de matricularse.

Forma correcta en galego: Os alumnos que **realizasen** estudos universitarios de carácter parcial indicaran no momento de matricularse.

3 Tempos compostos

En galego, a diferenza de en castelán, non existen tempos compostos formados co verbo *haber* como auxiliar.

Forma incorrecta: ***Había lido** o documento para facer o corrección.

Forma correcta: **Lera** o documento para facer a corrección.

Forma incorrecta: *Xa *habería pasado* onte pola facultade se tivese o paquete.

Forma correcta: Xa *pasaría* onte pola facultade se tivese o paquete.

4

Alternancia vocálica nos verbos da terceira conjugación

- Cando os verbos pertencentes á terceira conjugación (-*ir*) teñen **a** ou **i** como última vogal da raíz verbal (*partir*, *rir*), esta vogais permanecen inalterables durante a súa conjugación.
- Cando esa vogal é **e**, presentan dous tipos de alternancia:

Seguir, *sentir*, *servir*, *ferir*, *mentir* e os seus compostos e derivados, conxúganse do seguinte xeito:

Presente de indicativo	Presente de subxuntivo	Imperativo
sigo	sigas	
segues	sigas	sigue
segue	sigas	
seguimos	sigamos	
seguides	sigades	seguides
seguen	sigan	

Adherir, *advertir*, *divertir*, *agredir*, *transgredir*, *conferir*, *diferir*, *inferir*, *preferir*, *proferir*, *referir*, *transferir*, *competir*, *repetir*, *concernir*, *discernir*, *espelir*, *espir*, *dixerir*, *inxerir*, *suxerir*, *inserir*, *medir*, *pedir* e derivados; *vestir*, *investir* e *revestir* conxúganse segundo o seguinte modelo:

Presente de indicativo	Presente de subxuntivo	Imperativo
repito	repita	
repites	repitas	repite
repite	repita	
repetimos	repitamos	
repetides	repitades	repetide
repiten	repitan	

- Cando a vogal é **u**, tamén hai dous xeitos de conxugalos:

Acudir, bulir, rebulir, cubrir, descubrir, encubrir, recubrir, cumprir, cuspir, durmir, engulir, fundir, fuxir, lucir, deslucir, entrelucir, relucir, translucir, tremelucir, mulir, muxir, pulir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir, consumir, ensumir, tusir, ulir, urdir, xunguir e xurdir fano así:

Presente de indicativo	Presente de subjuntivo	Imperativo
durmo	durma	
dormes	durmas	durme
dorme	durma	
durmimos	durmamos	
durmides	durmades	durmide
dormen	durman	

Outros verbos, como *discutir* ou *conducir*, son regulares na súa conxugación:

Presente de indicativo	Presente de subjuntivo	Imperativo
conduzo	conduza	
conduces	conduzas	conduce
conduce	conduza	
conducimos	conduzamos	
conducides	conduzades	conducide
conducen	conduzan	

5 Infinitivo conxugado

O infinitivo conxugado presenta o seguinte paradigma verbal:

andar	varrer	conducir
andares	varrer es	conducir es
andar	varrer	conducir
andarm os	varrer mos	conducir mos
andar des	varrer des	conducir es
andaren	varrer en	conducir en

5.1. Pode utilizarse nos seguintes casos:

- Se o infinitivo é suxeito.

Convén xuntármonos a semana próxima.

- Se o infinitivo ten un suxeito claramente expreso distinto do do verbo principal.

Ao **asinaren** este convenio a Universidade de Vigo e esa empresa, o alumnado vese favorecido.

- Se o suxeito do infinitivo non está expreso, pero é distinto do suxeito do verbo principal. Neste caso convén marcar o infinitivo conxugado para evitar ambigüidades.

Cómpre **facermos** ben as cousas.

- Se o infinitivo, aínda que teña o mesmo suxeito có verbo principal, aparece antes ca el, sobre todo se a subordinada de infinitivo vai introducida por unha preposición.

Ao **asinaren** este convenio a Universidade de Vigo e esa empresa, as dúas institucións vense favorecidas.

- Se o infinitivo, aínda que teña o mesmo suxeito có verbo principal, está moi afastado del.

Este sistema é o mellor medio que poden utilizar os estudantes que estean nos últimos anos das súas carreiras para **poñérense** en contacto connosco.

5.2. Non se utiliza nos seguintes casos:

- Cando o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal.

Forma incorrecta: *As partes poderán **denunciaren** ou **modificaren** este documento en calquera momento de mutuo acordo.

Forma correcta: As partes poderán **denunciar** ou **modificar** este documento en calquera momento de mutuo acordo.

- Cando depende dun verbo modal (*querer, poder, deber*), causativo (*deixar, mandar, facer*) ou dun verbo de sentido (*sentir, oír, ver*) e ten o seu mesmo suxeito.

Forma incorrecta: *Deben **redactaren** ese documento para asinalo.

Forma correcta: Deben **redactar** ese documento para asinalo.

IX. Uso do complemento directo coa preposición *a*

Como norma xeral, o complemento directo non leva preposición en galego.

Forma correcta: O lobo matou a ovella.

Forma incorrecta: *O lobo matou á ovella.

Pero hai casos en que a preposición é necesaria para que o significado da frase quede máis claro. Normalmente, isto ocorre cando o complemento directo ten o trazo de humano.

1 Uso obrigatorio da preposición

- Cos pronomes persoais tónicos, co pronome de indeterminación *un*, co pronome *todos* ou *todas* referido a persoas, co identificador *calquera* cando é autónomo e fai referencia ao trazo de humano, na construción *un a(o) outro* e nas comparacións entre complementos directos:

Mirouna a ela e marchou. (*Distinto de:* Mirouna ela e marchou.)

Non o queren a un por ser vello. (*Distinto de:* Non queren un por ser vello.)

Vimos a todas camiñando polo campo.

Para este posto non van aceptar a calquera. (*Distinto de:* Para este posto non van aceptar calquera secretaria.)

● ● ● ● ● ● ● ● uso do complemento directo coa proposición *a*

Pasaron a mensaxe uns a outros. (*Ou tamén*: Pasaron a mensaxe uns aos outros.)

Criou tan ben os fillos coma ás fillas.

- Cos nomes propios de persoas:

Saudou a María na praia.

Trouxo a Roi para a casa.

X. A dobre negación

O galego, a diferenza do que fan outras linguas coma o castelán, rexeita a utilización de indefinidos positivos nas frases negativas. Nestes casos, débense utilizar sempre indefinidos negativos:

Forma incorrecta: *En calquera caso, a Universidade de Vigo non adquire responsabilidade *algunha* pola súa presenza nos respectivos padroados.

Forma correcta: En calquera caso, a Universidade de Vigo non adquire responsabilidade *ningunha* pola súa presenza nos respectivos padroados.

Forma incorrecta: *Non hai problema *algún*.

Forma correcta: Non hai problema *ningún*.

Forma incorrecta: *Non deron razón *algunha*.

Forma correcta: Non deron razón *ningunha*.

XI. Utilización dos artigos

Cada vez é máis frecuente na linguaxe administrativa e xornalística a utilización de substantivos sen determinantes. Estas construcións son, en moitos casos, agramaticais e por iso debemos evitalas.

Forma incorrecta: *Consulte documento adxunto.

Forma correcta: Consulte o documento adxunto.

Forma incorrecta: *Convócase alumnado para realizar prácticas en empresas.

Forma correcta: Convócase o alumnado para realizar prácticas en empresas.

Forma incorrecta: *Proposta de convenio de colaboración entre Universidade de Vigo e Universidade de Santiago de Compostela.

Forma correcta: Proposta de convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela.

Forma incorrecta: *Deberá achegarse fotocopia do carné de identidade.

Forma correcta: Deberá achegarse unha fotocopia do carné de identidade.

Forma incorrecta: *A oferta para a libre elección de materias troncais, obrigatorias e optativas en ningún caso implicará aumento de grupos correspondentes á materia de que se trate.

Forma correcta: A oferta para a libre elección de materias troncais, obrigatorias e optativas en ningún caso implicará o aumento de grupos correspondentes á materia de que se trate.

Forma incorrecta: *Os alumnos que inicien estudos realizarán matrícula obrigatoriamente de todos os créditos que compoñen o primeiro curso.

Forma correcta: Os alumnos que inicien os estudos realizarán a matrícula obrigatoriamente de todos os créditos que compoñen o primeiro curso.

CACTI (Centro de Apoio Científico Tecnolóxico á Investigación)
 SIOPE (Servizo de Información, Orientación e Promoción do
 Estudante)
 PAS (Persoal da Administración e Servizos)

Ao non presentar forma en plural, para referirse a máis dunha realidade a marca de número introdúcea o artigo ou calquera outra palabra que acompañe a sigla.

Forma incorrecta: *As ONG's; as ONGs

Forma correcta: As ONG

3 Acrónimos

Fórmase tomando máis dunha letra de todas ou de algunhas das palabras que constitúen a forma plena e só conservan a maiúscula na primeira delas.

Ofix (Oficina de Información Xuvenil)
 Ofoe (Oficina de Orientación ao Emprego)
 Ofie (Oficina de Iniciativas Empresariais)

4 Relación de abreviaturas máis frecuentes

A

A súa alteza real: S.A.R.	Adxectivo: adx.
A súa eminencia: S. Em.	Agosto: ag.
A súa excelencia: S. Exc.	Agricultura: agr.
A súa factura: s. fra.	Agrónomo: agrón.
Abril: ab.	Alcalde/alcaldesa: alc.
Academia: acad.	Aldea: al.
Académico/a: acadco./acadca.	Alemán: al.
Administración: adm.	Altura: alt.
Administrador/a: admдор./ /admdora.	Alumno/a: al.
Administrativo/a: admtivo./ /admtiva.	Ampliación: ampl.
Adverbio: adv.	Andar: an.

Contratado/a: contr.

Convento: conv.

Convocatoria: convc.

Coordinación: coord.

Coordinador/a: coord.

Corporación: corp.

Corredoira: corr.

Correos: corr.

Cuarto: cto.

D

Decembro: dec.

Decreto lei: d. l.

Departamento: dpto.

Depósito: dep.

Dereita: dta.

Desconto: dto.

Despacho: desp.

Despois de Cristo: d. C., d. de C.

Días vista: d/v, d.v.

Dirección: dir.

Dirección xeral: d.x.

Directivo/a: dir.

Disposición: disp.

Distrito: distr.

Documento: doc.

Domingo: dom.

Doutor/a: Dr. / Dra.

Duplicado: dupl.

E

Economía: econ.

Económico: econ.

Edición: ed.

Editor/a: ed.

Editorial: edit.

Educación: educ.

Educador/a: educ.

Efecto: ef.

Efectos por recibir: ef/r, ef. por rec.

Eminencia: Em.

En paz descanse: e. p. d.

Entidade: ent.

Entrechán: entr.

Entreplanta: entr.

Envío: e/, e.

Epílogo: epíl.

Escaleira: esc.

Escola técnica superior: e. t. s.

Escola universitaria: e. u.

Escritura: escr.

Español: esp.

Esquerdo/a: esq.

Esquina: esq.

Estación: est.

Estatística: estat.

Estrada: estr.

Estudiante: est.

Etcétera: etc.

Eusquera: eusq.

Excelencia: Exc.

Excelentísimo/a: Excmo. / Excma.

Excepción: exc.

Interrogación: interr.

Interxección: interx.

Introdución: intr.

Inventario: invent.

Irregular: irr.

Italiano: it.

L

Laboratorio: lab.

Lámina: lám.

Letra de cambio: l/, l.

Letra de crédito: l/cr, l de cr.

Licenciado/a: lic.

Licenciatura: lic.

Limitado/a: ltdo. / ltda.

Literatura: lit.

Loco citato (lugar citado): l. cit.

Lonxitude: lonx.

M

Magnífico/a: Mgfcó. / Mgfca.

Manuscrito: ms.

Martes: mt.

Marzo: mz.

Masculino: masc.

Materia: mat.

Máximo: máx.

Medicina: med.

Médico/a: med.

Mercado: merc.

Mercadoría: mercad.

Mércores: mc.

Meses termo: m/t, m. t.

Meses vista: m/v, m. v.

Milésimo: mil.

Mínimo: mín.

Ministerio: min.

Ministro/a: min.

Moderno: mod.

Monseñor: mons.

Morfoloxía: morfol.

Municipio: mun.

Música: mús.

N

Nacemento: nac.

Nacido/a: nac.

Negociado: neg.

Nominal: nom.

Normativo: ntvo.

Nota: n.

Nota bene (poña atención a): n. b.

Nota de redacción: n. de red.

